

# XXIV Maratón das Letras Galegas

Venres, 15 de maio

## *Saca a nosa lingua a paseo*

**ESTE ANO TOCA FOTOMARATÓN: SAE COA CAMISETA DO MARATÓN DE ANOS ANTERIORES, SACA UNHA FOTO, SÚBEA ÁS REDES E ENVÍANOLA AO IES CHAPELA**

Podemos estar sen aulas, pero renunciar ao Maratón das Letras Galegas? **NUNCA!**

O maratón naceu coa ansia de mobilizarnos pola defensa da lingua galega, en comunidade educativa do IES de Chapela cos CEIPs Igrexa, Alexandre Bóveda e Laredo. Moitas e moitos levades desde novos participando nesta cita anual, pintando as camisetas con mensaxes e nomes das amizades, adestrando, colaborando, ilusionándovos... Así será este ano porque forma parte da nosa identidade. Adaptámonos aos cambios pero mantemos a Identidade, a Comunidade e a Lingua.

**CONVOCAMOS A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA DE CHAPELA!**

**QUEREMOS VERTE!**

**ALUMNADO, PROFESORADO, FAMILIAS, PERSOAL NON DOCENTE  
INUNDEMOS CHAPELA ESPALLANDO A NOSA LINGUA NO PASEO DIARIO!**

Para lembrar a nosa cita anual, que xa ten o numero **24**, propoñémosche:

- Busca unha camiseta de anos anteriores do maratón. Se es nova ou novo no IES, tunea unha que teñas por aí. Podes engadirle o dorsal **24**, en referencia a que esta é a nosa 24ª edición, e mesmo podes escribir o lema: **SACA A NOSA LINGUA A PASEO // A LINGUA TAMÉN SAE DA CASA CONNOSCO // DESCONFINA A NOSA LINGUA...** Ou inventar o teu propio lema
- O día **15 de maio**, cando deberiamos estar todas e todos xuntos correndo, faite unha foto coa camiseta. Súbea ás túas redes sociais e envíaa ao correo do IES: [ies.chapela@edu.xunta.es](mailto:ies.chapela@edu.xunta.es)
- Con todas as fotos que envies faremos unha montaxe para a nosa WEB. Así poderemos vernos e sentirnos en compañía. Que non falta a túa e convida á túa familia para que participe tamén.
- **PREMIOS:** Medalla á foto máis orixinal e creativa  
Medalla ao lema máis orixinal e creativo  
Medalla á foto máis divertida

**O VIRUS NON PODE CONFINAR A NOSA LINGUA!**